

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE XULLO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00029187G.

Aprobación da acta da sesión anterior. |
Apróbase a acta da sesión anterior.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00036765L.

Aceptar cesión de viario e licenza para a rehabilitación e ampliación de vivenda na rúa de Muros, 62. |

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 09 de maio de 2023 outorgada ante o notario don Carlos Sebastián Lapidó Alonso co número de protocolo 776. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución de data de visado do 30/03/2023 redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Tüñez, cun orzamento de execución material de 140.994,00 €, a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar illada na Rúa de Muros 62 Lugar de Roxos, Santiago de Compostela (A Coruña) parcela referencia catastral 2473211NH3427C0001DU.

3. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028477F.

Fixación do número e características do persoal eventual. |

Apróbase o número, retribucións e características do persoal eventual que se relaciona a seguir unha persoa asesora, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 18, cun custo anual de 31.464,66 euros.

4. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00029986K.

Designación de representantes do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración de INCOLSA. |

Acórdase:

Primeiro. Designar aos representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración da Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) que se relacionan a continuación:

- Dona María Baleato González e dona Nerea Barcia Guldrís (grupo municipal do PP).
- Dona Míriam Louzao Fernández (grupo municipal do BNG).
- Don Gumersindo Guinarte Cabada (grupo municipal do PSdeG-PSOE).
- Dona María Rozas Pérez (grupo municipal de CA).

Segundo. Comunicar este acordo á Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) para os efectos oportunos.

5. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00029987E.

Designación de representantes do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración de MERCAGALICIA. |

Acórdase:

Primeiro. Designar aos representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración da Sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de

Galicia, S.A. (MERCAGALICIA) que se relacionan a continuación:

- Don Borja Rubio Somoza (grupo municipal do PP).
- Don Manuel César Vila (grupo municipal do BNG).
- Dona Marta Abal Rodríguez (grupo municipal do PSdeG-PSOE).

O concelleiro do grupo municipal de CA don Xan Duro Fernández será convidado ás sesións do Consello de Administración.

Segundo. Comunicar este acordo á Sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Galicia, S.A. (MERCAGALICIA) para os efectos oportunos

6. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00008562B.

Acceptación da adscrición de dous locais en San Pedro de Mezonzo |

Acórdase:

-Aceptar a adscrición acordada mediante resolución de 28/06/23 do titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un prazo de 25 anos do inmovible da Tesourería Xeral da Seguridade Social situado na Rúa de San Pedro de Mezonzo, nº 17, planta baixa, locais A e B.

- Autorizar a alcaldesa do Concello de Santiago á sinatura da acta de recepción da presente adscrición.

Este acordo comunicarase a réxime interior aos efectos do pertinente seguro, e a catastro e censos, servizos económicos, a servizos sociais e centros socioculturais.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00004044R.

Adxudicación do contrato *Servizo de redacción do Proxecto Básico e de Execución e Dirección de Obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do concello, para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico.* |

Acórdase:

Primeiro: Excluir do procedemento de adxudicación a ARQUITECTURA Y URBANISMO ESTUDIO BOIX, SLP por non acadar na puntuación da súa oferta técnica (criterios avaliados mediante xuízo de valor) o limiar mínimo de 12,50 puntos exigibles no PCAP para continuar no procedemento de adxudicación.

Segundo: Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto o servizo de redacción do Proxecto Básico e de Execución e Dirección de Obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do concello, para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico á UTE RVR EZCURRA OUZANDE (REDONDO, VALLADARES Y RODRÍGUEZ, ARQUITECTOS SLP, e EZCURRA Y OUZANDE, ARQUITECTURA, SLP), que é o único licitador admitido e presenta unha proposición económica de 276.626,57 € (base impositiva de 228.617,00 € máis IVE do 21% de 48.009,57 €).

Designase como responsable do contrato a Diego Briega Argomariz, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos, de acordo co apartado 3 do Cadro de Características do PCAP.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 276.626,57 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 93300 6320000 (Código de proxecto 2022 2 NGRAX22).

Cuarto: Publicar esta resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación de conformidade co sinalado nos artigos 63 e 151 da LCSP e que se notifique a todos os licitadores de acordo co previsto no artigo 151.1 da LCSP.

De conformidade co artigo 44 da LCSP, contra esta resolución, poderá interponerse recurso especial en materia de contratación ante o órgano de contratación ou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de 15 días hábiles, contados desde o mesmo día da notificación aos operadores económicos e da súa publicación no Perfil do Contratante, en virtude da

disposición adicional decimoquinta da LCSP. Así mesmo, poderá interpoñerse calquera outro recurso que consideren oportuno

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00045675M.

Resolución de adxudicación do “Contrato mixto (subministración e obra) para a creación dunha zona de xogos infantís no parque do Avío no concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o contrato mixto (subministración e obra) para a creación dunha zona de xogos infantís no parque do Avío no Concello de Santiago de Compostela a HPC IBÉRICA, S.A, que presenta unha proposición económica de 92.192,52 €, IVE excluído, que cun IVE do 21% por importe de 19.360,43€ fai un total de **111.552,95 €**. Ademais, ofertou unha ampliación do período mínimo obrigatorio de garantía de 3 anos en 5 anos a maiores.

Designase como responsable do contrato ao encargado- xefe de Parques e Xardíns de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 111.552,95 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190001 (código de proxecto: 2022 4 RLTPA 48 1)

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00005208S.

Resolución de adxudicación do contrato de “Servizo para a execución de diversas operacións de desbroza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025)”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o Servizo para a execución de diversas operacións de desbroza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025) a ALCOMTE GALICIA SL, que oferta unha baixa do 9,80 % sobre os prezos unitarios establecidos no PPT. Porén, o adxudicatario comprométese a executar traballos pola totalidade do orzamento de licitación consonte o establecido na cláusula 6 do PCAP.

De acordo coa cláusula 19 do PCAP, designase como responsable do contrato ao enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **790.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 2100001 coa seguinte desagregación por anualidades:

Exercicio orzamentario (anualidade)

2023 200.800,00 €

2024 395.000,00 €

2025 194.200,00 €

Total 790.000,00

10. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024611M.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Padres de Personas con

Discapacidad Intelectual (ASPAS) pola contía de **6.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-03100-4800007, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022-(Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

11. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00017378V.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Itínера de Voluntarios en Saúde Mental. |

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Itínера de Voluntarios en Saúde Mental pola contía de **5.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

12. DEPORTES. Referencia: 2023/00014510R.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto, para o ano 2023. |

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 10.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890013, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.
3. Aprobar o pago anticipado do 100% da contía da subvención, por un importe de 10.000 €, sempre e cando se cumpra o establecido na cláusula 16ª do convenio.

13. DEPORTES. Referencia: 2023/00014507K.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Triatlón Santiago, ano 2023. |

Tómase coñecemento da sinatura, o 6 de xullo de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para o ano 2023.

14. DEPORTES. Referencia: 2023/00030029H.

Cesión provisional do uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e do campo de adestramento San Lázaro II a favor da S.D. Compostela durante a tempada 2023/24 |

Autorízase provisionalmente para a tempada 2023/24 (do 18 de xullo de 2023 ao 30 de xuño de 2024) á Sociedade Deportiva Compostela o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, así como o resto de peticións que se recollen no seu escrito, todas elas condicionadas á aplicación das normas sectorias que sexan de aplicación e aos criterios de uso específicos que se determinen polo Departamento de Deportes, para que poida iniciar a actividade deportiva e de competición do seu equipo de 2ª categoría RFEF, podéndose ampliar excepcionalmente e, previa autorización do Departamento de

Deportes, ao equipo xuvenil división de honra, se se dan circunstancias que o xustifiquen.

A cesión definitiva de uso destes recintos para a tempada 2023/24, quedará supeditada á existencia dun posterior acordo no que regule o custo e demais consideracións que procedan en base ao que se determine a nivel municipal no momento da aprobación dunha nova ordenanza en materia deportiva na que se deberá ter en conta o complexo na súa globalidade.

15. LINGUA GALEGA. Referencia: 2023/00021073D.

Subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua. Aprobación do gasto e do convenio

Acórdase:

1. Aprobar un gasto por importe de 2.500 euros con cargo á aplicación 080 33402 4890001 do orzamento municipal destinado á subvención nominativa da actividade Correlingua en Compostela 2022 da Asociación Cultural Correlingua (G70325683).
2. Aprobar o texto do convenio que rexerá as condicións da subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua (G70325683) para o programa “Correlingua en Compostela 2023”.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043667K.

Tomar coñecemento da sentenza 347/2023, recaída na apelación 15001/2023 do Procedemento Abreviado 173/2020 CA1.

Resolución: Sentenza 347/2023, do 16.06.2023, da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia, Sección 4ª.

Procedemento: PA 173/2020; AP 15001/2023

Demandante: CRITERIA CAIXA, S.A.U.

Obxecto: Desestimación presunta da rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU derivado da transmisión da finca nº 39635, ref. catastral 6063389NH3466C0001RY, por 12.105,67 euros.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, ao estimar o recurso de apelación presentado por CRITERIA CAIXA, SAU contra a sentenza de instancia.

A Sala entende que era a entidade lexitimada para solicitar a devolución do ingreso indebido a pesar de non figurar como entidade que realizou o ingreso no momento da autoliquidación, pois este trámite foi efectuado por unha empresa de xestión.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de casación
3. Remitir ao Departamento de Tesourería municipal (Sección de Xestión Tributaria) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00029793N.

Tomar coñecemento das sentenzas recaídas no Procedemento Ordinario 275/2021 CA1 e no recurso de apelación AP 4038/2023 TSXG.

Resolucións: Sentenza 384/2022, do 4.11.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Sentenza 173/2023, do 19.04.2023, da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia (Sección 2ª).

Procedemento: PO 275/2021; AP 4038/2023

Obxecto: Desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto nº 2021/2870 do 8.04.2021, polo que ordena a paralización das obras e a suspensión dos usos aos que dean lugar estas obras de edificación que se estaban a desenvolver no lugar de Lamas do Carballal.

SENTIDO DAS RESOLUCIÓNS

Ambas resolucións son favorables aos intereses municipais.

A sentenza de instancia, que é confirmada pola Sala de apelación en todos os seus extremos, desestima a demanda con base nos seguintes motivos: (i) o dereito á vivenda non é un dereito susceptible de amparo constitucional aos efectos de apreciar a causa de nulidade do artigo 47.1 da LPAC; (ii) o argumento dos prexuízos ocasionados coa orde de cese de usos, que xa foi rexeitado na peza de suspensión precautoria, carece de sustento para impugnar esta resolución; (iii) da proba practicada resulta que a única licenza que ostentaba o demandante era de rehabilitación, pero non de demolición e nova edificación.

O recurso, por tanto, resulta integramente desestimado en ambas instancias xudiciais.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Servizo de Disciplina) para a súa constancia e efectos oportunos.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00029923G.

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 2/2022 Social 4.]

Sentenza nº 223/2023

PO 002/2022

Obxecto: diferenzas retributivas entre C1-20 e A2-22, exercicio 2021.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

A sentenza e reiteración das ditadas en favor deste empregado e do seu compañeiro por máis de 10 anos: en opinión do Xulgado, realizan funcións que non soamente son de categoría superior (A2 e non C1), senón que tamén lles corresponde un maior nivel (22), o que lles da dereito ao incremento do complemento específico, sen que estea xustificada a xornada de especial dedicación que motiva dito nivel.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00030347Z.

[Tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.]

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 30 de xuño a 6 de xullo de 2023.

URXENCIAS

1.- Designación de representantes do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA)

Acórdase:

Primeiro. Designar aos representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA) que se relacionan a continuación:

- Dona María Rosario Ferreiro Varela e don Adrián Villa Torres (grupo municipal do PP).
- Don Xesús Manuel Domínguez Domínguez (grupo municipal do BNG).
- Don Gonzalo Muíños Sánchez (grupo municipal do PSdeG-PSOE).
- Don Xan Duro Fernández (grupo municipal de CA).

Segundo. Comunicar este acordo á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA) para os efectos oportunos.

2.- Aprobación do proxecto proxecto básico e de execución da obra de “Acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte do Pedroso”,

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución da obra de “Acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte do Pedroso”, de xuño de 2023, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Pedro Calaza Martínez, e que ten as seguintes características:

. Orzamento das obras: 149.200,85 € + 31.332,18 € de IVE (21%) = **180.533,03 €.**

. Prazo de execución: 2 meses.

. Clasificación do contratista: non se esixe.

Clasificación supletoria aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica:

Grupo C subgrupo 4 categoría 1/ Grupo K subgrupo 6 categoría 1.

Segundo. Con carácter previo á licitación das obras dispoñer da autorización sectorial do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Servicio de Patrimonio Cultural da Coruña da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.